

A PESCA ARTESANAL EN PONTEDEUME NOS DOUS PRIMEIROS TERCIOS DO SÉCULO XX

Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco

A pesca foi desde sempre unha actividade vital para Pontedeume. Polo seu enclave privilegiado, onde as augas doces do Eume se calman e se ensanchan como para mellor recibir o abrazo salitroso das augas da ría, a vila de Pontedeume acolleu embarcacións diversas, unhas especializadas nas capturas mariñas e outras, no comercio marítimo. Ao longo da historia, moitos dos seus habitantes atoparon na pesca e marisqueo unha profesión, ou un complemento aos baixos ingresos obtidos polos seus traballos na agricultura, na artesanía ou na industria.

O noso traballo é un achegamento ao pasado pesqueiro de Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX. As abundantes referencias documentais e bibliográficas, e as antigas edificacións para usos marítimos, como os varadoiros ou os almacéns de aparellos, constatan a importancia da pesca para a economía da vila. Utilizamos, ademais, fontes orais, entrevistando aos seus protagonistas, os pescadores, que nos relatan os seus afáns, preocupacións e ilusións nuns tempos difíciles, con artes e aparellos artesanais, e sen medios técnicos para a navegación e a localización de bancos pesqueiros. A dureza do traballo no mar é a principal característica. A valentía e o tesón definen aos pescadores, que aman e respectan o mar, e que manteñen claros comportamentos ecoloxistas e de solidariedade.

Comezamos ofrecéndolle as **Historias de Vida** de dous pescadores xubilados, como exemplo dunha forma de traballar na pesca que xa forma parte da historia.

MANUEL PLACER PIÑEIRO, "Lolo Placer"

Naceu en Pontedeume cando o sol iluminaba a vila por vez primeira nese ano que se iniciaba: o 1 de xaneiro de 1930. Era o segundo fillo de Moncho Placer, pescador de baixura, e Concha Piñeiro, nacida como o seu home en Pontedeume, que axudaba a reparar os aparellos e criaba os 8 fillos que tiveron: sete nenos, que a medida que crecían ían todos ao mar, e unha nena.

Ten Lolo seis anos cando a guerra civil divide os españois, xerando dor, morte e fame. Gran parte dos mestres son represaliados.

"Xa case non quedaban bos mestres, non había máis que pao e eu non volvíñ á escola. O noso pai foinos ensinando algo nunha pizarra na casa. Despois, de maior, sempre me interesaba saber en que mundo estaba. Collía libros, mapas... para poder defenderme".

Lolo recorda o pasado con nitidez. É un home afábel, con fortes preocupacións sociais, afán de xustiza e un grande sentido do humor. As lembranzas dos tempos duros chegan matizadas por retallos de momentos alegres e pola nostalxia dun tempo que se foi.

"A vida do mar foi moi triste. Os tres irmáns maiores empezamos de pequiños co meu pai. O máis vello tiña 11 anos, eu tiña 10 e o outro, 9. Remábamos os tres nun remo. E meu pai, co outro, e aínda nos axudaba no noso remo. Non tiñamos motor.

Case sempre levábamos de aparello un bou, larghando e tirando nas praias. Era un aparello miserable. Collíamos pancho, xurelo, piñón... Para comer e a ver se ghanábamos para comprar as patacas de semente e o pan de ración.

Algunha vez fomos ao trole, un aparello coma unha sábana cadrada para pescar no medio do mar con dúas barcas. Ou ao xurelo co medio mundo, un aparello redondo ao que se lle mete o enghado abaixo e, despois, levántase".

En 1942, o pai lévaos á Comandancia de Ferrol. Explica que necesita dos seus nenos para ir ao mar e que se fai responsábel deles. Aínda que o caderno de navegación non se concedía até os 14 anos, Lolo aquel día recíbeo con 12 anos, e o seu irmán, con 13. Xa os consideran adultos.

O bote chámase igual que o pai, Moncho. Van vogando deica a ría de Sada ou á de Ferrol, pescan toda a noite para regresar á amañecida. Descargan o peixe en Pontedeume e unha vendedora chamada Balbina, a Toura, encárgase da venda de case todas as capturas dos pescadores de baixura.

Durante moitos anos, Lolo Placer continúa pescando co seu pai de forma intermitente, no tempo que lle deixa libre a tarrafeira na que se embarca.

"Cando tiña 13 anos, embarquei nunha tarrafa chamada María, con motor de gasolina, que levaba unha lancha a remolque para traer o peixe. O armador e patrón do barco era o Lameiro, moi nombrado en Pontedeume e moi boa persoa. Alí botei ata os 26 anos.

Éramos 14 ou 15 tripulantes. Eu empecei como chavaliño de a bordo, o rapaz da lancha de remolque: tiña que chamar á xente para marchar, limpar, buscar a augha. Co tempo cheguei a ser patrón da lancha."

Van pescar ao cerco, sobre todo sardiña. As roupas de auga son de tela empapada en aceite de liñaza, polo que sempre están mollados. Nos pés, zocas de madeira de bidueiro. Saían ás sete da tarde para regresar á Coruña á hora da venda, ás oito da mañá.



Lolo Placer co seu fillo Lito levantando as betas.

"Éramos os únicos pescadores que comíamos nun bar. De almorzo, cascarilla con pan. A xantar íbamos ao restaurante Numancia. O primeiro día, quedei de garda no barco mentres iban os outros a comer. Cando volveron, fun eu solo, descalzo. Puxéronme sopa e unha fonte de carne asada con pementos. Eu eso nunca o vira. Coa verghonza sólo comín sopa e marchei con fame. Ao outro día, a camareira mandoume comer: Está todo pago, vas descontar o que onte non comiches. De postre deume tortilla francesa con azucre e melocotóns en almibar. Eu non sabía o que era.

Aprendín que o que vai con verghonza polo mundo, vale máis que non vaia. Pero a verdade, sempre por diante".

Con 27 anos, casa con Juana Leira, que era de San Martiño do Porto. Terán cinco fillos. Os tres varóns irán con el ao mar, pero axiña o deixarán. Non seguirán a profesión familiar.

Lolo, despois dun paréntese en terra, traballando de ferralleiro con Rodolfo Lama, para Astano, volve a pescar co seu pai, no mesmo bote de remos.

"Estábamos neghros coa fame. Había gran cantidá de peixe pero paghábano moi mal. Moitas veces viñamos do mar e íbamos ao marisco, ás nécoras con nasas, ou ás ameixas, berberechos e ostras, que moitas había. Un día, en dúas horas debaixo da ponte de ferro, collemos 80 centos de ostras. Paghaban a peseta cada unha.

Esta ría foi moi rica en linguado, camarón, faneca, pescadilla, barbadas... Hoxe está todo limpio. Non hai nada. Bótanlle a culpa ao mariñeiro, por acabar con todo, pero non é así. Porque había especies que nunca se collían e tamén desapareceron. É pola contaminación.

Centola había cantidá. En Sada e Pontedeume sacou a fame ós pobres. As xibas viñan desovar á ría na primavera e saían os choquiños, riquísimos. Hoxe veñen a desovar e non sae nada; é coma unha viña na que saen as uvas e de pequeniñas fanse pasas”.



Lolo Placer no seu barco Tiburón.

O bote é de remos. Saen ás 6 da tarde e, deica que regresan ás 8 da mañá, non paran de vogar. Só, no tempo de largar, esperar vinte minutos e recoller o aparello, que case sempre era o bou. Non levaban nada de comer, na casa non había porque eran os tempos difíciles da posguerra, e todo era traballar.

" Un día viñamos tan rendidos de fame e sono que o corpo non aghuantaba máis. Paramos un pouquiño a botar un pitillo e quedamos os catro durmidos.

Cando non podíamos co remo, íbamos hasta a pena do Mourón, na parte de Redes, a pescar panchos á liña, cun cebo de tripa de sardiña, que é o que máis enghada o peixe.

Antes, esta costa era fanequeira. Hoxe non, sólo hai onde están os barcos afundidos. Nosoutros víramos afundir un barco, o Vikingo, na ría de Ares. Quedara a cuberta ao aire. Leváramos á tripulación a Ares e logho o barco foise a pique totalmente. Alí é onde cría a faneca.

Outros días do verán íbamos á praia de Ber, en Boebre, a coller patexo, un cangrexo que non vale para comer. Vendíase para abono das terras”.

Pasan os anos e Lolo Placer faise cun barco de seu, o Tiburón, que merca en Ares. De aparello utiliza betas, que non pesan e pode manexalas el só. Adquire tamén dúas emisoras, para o barco e a casa, e poder comunicarlle o que pesca á súa muller, que xa o vende polas casas antes de desembarcalo. Así gañan o dobre. Retírase con 60 anos

Lolo fala do seu pasado no mar con emoción ao lembrar os seus compañeiros:

"Manolo e Antonio, ós que chamábamnos Manoplas; Pepe Gallo que andaba a remos con nós e era un esclavo coma min; Manolo Toneche e Lolo Toneche que anduveron no barco do meu pai a remos; o Roli, moi traballador; da tarrafa recordo a Toñito Lameiro fillo, e ao motorista, ao que chamábamnos Manolo o Alquiler, porque o seu pai tiña un negocio de alquiler de bicicletas.

¿Empezar de novo e volver a pasar as que pasei? Non. Ao mar, nin pensalo. De aí non sacas máis que esclavitude. Coas que pasamos no mundo, non sei como estamos aquí.

Pero era bonito pescar. Moita vista ao que estás facendo. Tes que levar na memoria onde vas ir cada día. Para poder pescar, o mariñeiro ten que saber o que hai no fondo do mar sen velo nunca. Ten que saber onde hai pedras, areas, a profundidade... Vai pasando de xeración en xeración.

Tamén ten moitos pelighros. Un día íbamos nunha lancha de vapor de 9 metros, chamada Carmela, do meu irmán Moncho. Íbamos catro: meu pai, meu irmán, Antonio Manoplas e mais eu. Ao anoitecer estábamos en Covas (Ferrol), deixamos o barco fondeado e fomos no bote. Empezou temporal. A veces aparece un mar que

Pescadores de Pontedeume. De esquerda a dereita: Curao *O Andaluz*, Gabriel *O Topete*, Ramón Placer (pai de Lolo), Román *O Marta*, Sindo Placer e Antón *O Garnacho*.






1. Estacas
2. Pedra de S. Victorio
3. Pedro Moca
4. A Zamborela
5. A Pena
6. Entrepedras
7. A Campa
8. Pedra da Campa
9. As Vacas
10. A Cercada
11. Arteselo
12. Sabadelle
13. Punta Dagra

14. O Asno
15. Area Morta
16. Os Curbeiros
17. Río Sande
18. Coido
19. Almieiras
20. Punta do Lapide
21. Río Dana
22. Altar
23. O Frade
24. Porto escondido
25. Chamoso
26. A Isla

27. O Carballiño
28. A Penela
29. Praia da Madalena
30. A Tasca
31. Fabal
32. Espiritu Santo
33. As Croas
34. Lamelas
35. Portiño
36. Home de Pau
37. A Pía
38. San Calcón
39. As Veas

A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX



- | | |
|----------------------------|---------------------|
| 40.A Rabaleira | 53.Angieira |
| 41.Zopazos | 54.Ber |
| 42.Pedra Santa | 55.Lastre |
| 43.Ferreiro | 56.Porto Mazas |
| 44.Peido da Vella | 57.A Cruz |
| 45.A Macuca | |
| 46.A Mina | |
| 47.Baixas de Centroña | |
| 48.O Loureiro | |
| 49.O Cabalo | |
| 50.Cartaxes | |
| 51.Punta Celeiro | |
| 52.Louxeira | |

TOPÓNIMOS DA RÍA DE ARES SEGUNDO LOLO PLACER.



Romería do día da festa do río Eume nos anos 50.

non se sabe de onde ven e que chega arriba do monte. Veu outro mar e deunos tempo de ir a terra a unha praiña. Foi aínda peor. A resaca movía a area e levábanos os pés. O Manoplas non sabía nadar, poñíase detrás miña co medo, e a forza do mar facía que se colase por debaixo do bote. E veña a axudalo. Non éramos capaces de sacar o bote, que se clavaba na area. Por fin sacámolo. E como non tiñamos nada ghanado, decidimos ir á praia de Ríos. O Manoplas pasara tanto medo que dixo: Eu non quero a miña parte, ide vos. Logho tranquilizouse e collemos unha boa pesca de robaliza.

O mar é moi serio, haille que ter respecto, pero non se lle pode ter medo".

ANTONIO GARCÍA SÁNCHEZ, "Toñito Lameiro"

É exemplo de dedicación de toda unha vida ao mar. Fillo e neto de mariñeiro, di con orgullo: *"Todo canto sei do mar aprendino na casa"*.

Naceu en Sada, nas Figueiras, o 12 de novembro de 1927. A casa do avó estaba a carón do mar, unida por un breve carreiro coa rampla do Lameiro, chamada así polo alcume familiar, que vén de antigo. Hoxe ese espazo está ocupado polo porto. Alí, nesa rampla, amarraban as lanchas. Alí empezou Toñito a vogar e a axudar na pesca, mentres ía á escola de dona Pancha Morlán, unha mestra que morreu centenaria e case cega, tras recibir unha merecida homenaxe da poboación.



O *Pilarita*, de Lameiro, e a lancha de David.

Entre as súas primeiras lembranzas, está o accidente producido o día da festa da Virxe do Carme, no que unha lancha, con máis de 100 persoas a bordo, embarrancou, virou e produciu a morte dun neno, un dos seus primos. Tamén recorda, durante a 2ª República, a inauguración do comezo das obras do porto de Sada.

"Vin como poñían a primeira pedra do porto enriba da rampla, cun peso de prata e outros documentos debaixo, e cemento polos lados. Ao outro día, a pedra, que era grande, de cantería, apareceu tirada abaixo, no mar, e xa lle roubaran o peso. Aquela pedra quedou sempre alí e servíanos de paso para subir á rampla".

O seu pai, Antonio García Couceiro, coñecido tamén coma Toñito Lameiro, sempre tivo lanchas de seu, con varios mariñeiros. O noso entrevistado, Toñito Lameiro fillo, comezou a ir con el a pescar. Lembra que a primeira vez foron pescar para esconderse, pois en plena guerra había medo de que viñeran a buscar o seu pai á casa, a 'pasealo', e durmían no barco.

"Ao acabar a guerra, en Sada empezou a haber unha flota de barcos grandes, porque comprou barco Chichi, e tamén Cristovo, e Cuco... e a xente iba embarcar neles. Ademais, volveron meus tíos do fronte e a casa era pequena para tanta xente. En 1940, meu pai acordou vir para Pontedeume coa familia: miña nai, chamada Francisca, miñas irmás, Fina e Paca, e mais eu.

A guerra deixou moito medo. Recordo que cando explotara o polvorín de Ferrol, aquí escoitámolo e non sabíamos o que era. Empezouse e dicir que era un desembarco e moitos homes escapaban polos montes de Breamo.



Pescadores na comida en honor do Xefe da Garda Civil de Pontedeume.

En Pontedeume empecei co meu pai pescando ao palangre, o bou e a rapeta, nunha lanchiña de oito metros con motor de marca Universal, que custara 8.000 pesetas. O motor montouno Julio Salorio, que tiña aquí un taller. Con esa lancha, chamada María, pescamos moito mocartiño, que nos compraba Chelo en Sada para levar á Coruña e enviar para Italia. Había moito peixe, pois o mar descansara durante a guerra, porque os barcos tiveran que amarrar por falta de homes e de combustible.

Un día esa lancha perdeuse nunha riada. O motor apareceu, e metémosllo a outro barco que compramos, chamado tamén María, que durou moitos anos. Era unha tarrafilla, cunha lancha a remolque na que estivo Lolo Placer de patrón".

Medio Pontedeume pasou pola súa casa, a pescar nos barcos do seu pai ou nos seus. Cando vendían na Coruña, enviaban a toda a tripulación a comer ao restaurante Numancia, na rúa San Andrés. Despois cambiaron para o denominado a Marina. Os cartos para a comida e a gasolina eran a montemaior.

"A gasolina de cupo custaba a dúas pesetas, pero era escasa. Había que mercala de estraperlo. Na Coruña, aos taxistas vendíana a 20 pesetas ou a máis.

Os mariñeiros que viñan comigo eran boa xente. Tiñan outro choio, que era ir ás pinas ao monte para vender polas casas. Eran duros e, cando tocaba traballar a bordo, traballaban. Daquela, todo era a man. Aos envasadores dáballes un peso e dous caldeiros de peixe. Na descarga na Coruña sempre había unha cola de pobres e todos levaban unha presa de peixe. Había para todos. Os tempos eran malos".

A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX



No *Pilarita* pescando cuns amigos para levar o peixe ó asilo.

Pescan ao cerco: sardiña, xarda, xurelo, bocarte. Ademais da ría de Ares, van pola ría da Coruña e polo Orzán, por fóra do Boi. Dormen todos no barco ou na lancha de remolque. As redes teñen que encascalas cada tres ou catro meses. Deben mergullalas en auga fervida con casca de carballo e mais piche mesturado con chapapote. Fano nos antigos almacéns de Pontedeume. Despois lévanas nun carro, daqueles chamados zorras, a tender, durante cinco ou seis días, no piñeir de Cabanas, ou por riba dos xuncos de Betanzos ou do pazo da Lanra (hoxe denominado de Mariñán).

"Un día na Ghabeira, collemos 4.000 quilos de calamares nun lance. De sardiña, o lance de máis pesca foi en Campelo. Chamárame o vello Mouzo, pois eu xa tiña a bordo do Pilarita unha telefonía 'gran sol' de seghunda man: Lameiro, vente para aquí que hai moito peixe. Collín 8.000 quilos e deixamos que moita sardiña se fose por riba dos corchos.

Antes había moito peixe. Cheghaban todos os barcos cargados. Antes contábase por medida, que era de 100 quilos. Agora cóntase por caixa, que é de 20 quilos. Viñeron outras artes modernas e xa non hai peixe. En Pontedeume non nos dragan a barra e teñen que quedar os barcos fóra. Este muelle fixérono cando a guerra, recordo que cando eu cheghei acababan de terminalo. Debían continualo, porque fixeron portos noutros lados, pero non aquí".

Entre os homes do mar din que o raposo é de mal agoiro e que a bordo non se debe nin nomear, pois pode producir accidentes, naufraxios ou mala pesca. Non embargante, o pai de Toñito Lameiro dicía que lle traía boa sorte. En tódolos barcos que tivo, sempre levou pintado na proa un raposo.

"Cada ano encargábble ao pintor Pío Rosado que lle volvese a pintar o raposo, en todos os barcos (menos no último), para traer boa sorte. Os de Mque augardos, ao ver o raposo, dábanlle o cu aobarco e botábanlle os cornos.

No mar había quen pescaba e quen non. Fora sorte ou fora noxo. Non había aparatos, e todo era a vista e a experiencia. Era traballar e buscar. Para min era gloria miña andar ao mar entre homes de 60 anos (porque non había seguro e non podían retirarse). Eu, con 16 anos xa empecei a mandar, pero aprendía moito deles.

En Pontedeume cheghou a haber moitos barcos: unha baca de arrastre do Piruleiro, con 7 ou 8 homes. Algúns dos nomes de barcos que recordo son: Pepe, Lameiro, Ramonín, Nos vai, Amalita, División Azul, Parrala, No soplas, Brusco... Cada barco levaba máis de 20 homes. E outros pescaban nos seus botiños ou mariscaban. Tamén se fixeron aquí, no varadero, moitos barcos que marchaban para outros portos".

Toñito Lameiro casou con Pilar Leira, de Centroña, e tiveron dous fillos, Antonio e Pili. Agora ten 76 anos e fala con paixón dos problemas pasados e presentes da pesca. Lembra os esforzos por conseguir melloras para Pontedeume, das xestións de Sarmiento e mais do seu cuñado Nicolás Barro, entre outros, para conseguir a Casa do Pescador. Lembra os seus anos como membro do Cabido e, a continuación, como Patrón Maior (1976-1989). E lembra, tamén, máis dun susto no mar.

"Caéronme, por dúas veces, homes ao mar. Un caeu larghando a un banco de xurelo, manghouse na pedreira e puidemos collelo. O outro caeu unha noite cando íbamos por fóra das Xacentes pescando aghullas. Deixamos o peixe sen coller e chamamos por el, ¡Parrocha! Subímolos a bordo e nunca máis quixo ir ao mar. E eu tamén caín envasando peixe. Espeteime coma se me tirara de cabeza ao mar... ¿Sería que eu, no barco novo, non lle pintara o raposo na proa?"

A risa de Toñito Lameiro é franca, igual que a súa mirada. Lolo Placer díxéranos del: "É unha das mellores persoas do mar que coñezo".

Homenaxe ó Home do Mar. De esquerda a dereita: Manuel, o conserxe da Confraría; Toñito Lameiro; A Raíña do Mar de Pontedeume; Román, O Marta; un señor da Coruña e David.



O ASOCIACIONISMO DOS PROFESIONAIS DO MAR

Nas primeiras décadas do século XX, intensificase o asociacionismo, que viña desenvolvéndose con forza desde a segunda metade do século anterior. Proliferan asociacións con fins culturais, recreativos, deportivos, políticos, etc. Entre as clases traballadores fórmanse sociedades de socorros mutuos, de resistencia ou sindicatos. E entre os profesionais do mar, despois de que no século XIX desaparecesen os antigos Gremios de Mareantes, créanse, igualmente, diferentes asociacións. Faremos unha alusión das máis importantes.

Hermandad Marítima de Puenteume, 1908

Constitúese o 14 de xaneiro de 1908, baixo a presidencia interina dun dos seus promotores, Celestino Varela. Segundo o seu regulamento, a sociedade mantén un carácter relixioso xunto a fins sociais, culturais e materiais para tódolos traballadores do mar, tanto pescadores como mercantes. No artigo 1º indica que ten por obxecto el mejoramiento moral, religioso, individual y social de sus individuos, por medio de la instrucción, el ahorro y el ejercicio de los derechos de los ciudadanos según autorizan la Constitución y las leyes. No artigo 2º especifica que Solo podrán ser socios los marineros ó navegantes de oficio mayores de diez y seis años.

Nesa reunión elíxese a primeira Xunta Directiva:

Presidente: Celestino Varela

Vicepresidente: Cipriano Leira

Bibliotecario: Manuel Leira

Contador: Ramón Santos

Depositario: Ramón Hernández

Secretario Xeral: José A. Freire

Vocais: José Mª Placer, Jesús Placer, Antonio Piñeiro, Juan Antonio Martínez e Gabriel Piñeiro

Sociedad de Marineros Pescadores, 1914

De ideoloxía anarquista, foi impulsada pola CNT, que neses anos se estendía con forza entre os traballadores do mar de toda Galicia, fundamentalmente por medio de la asociación El Despertar Marítimo.

Nace como sindicato de clase, exclusivo para mariñeiros pescadores, na defensa dos seus intereses fronte ós armadores por medio da folga e a negociación. Defínese a marxe de ideas relixiosas e políticas.

Do seu regulamento, aprobado polo Goberno Civil da provincia con data 5-11-1914, extractamos:

"Art. 1. Integrada por los marineros pescadores que se dedican a dicha profesión

en la industria de la localidad y sus contornos, queda constituida esta sociedad, apartada de todo matiz político y religiosos, con el objeto de favorecer la cultura intelectual de los trabajadores, dedicarse a la defensa profesional del gremio que la constituye y colocarse en el ejercicio práctico de la solidaridad, para el mejor fin de la emancipación económica y social de todos los trabajadores.

Art. 2. Para llevar a la práctica los fines indicados, son fundamentales:

1. La propagación societaria de los principios económicos sociales, lo mismo entre los trabajadores de la ciudad, como en el seno de los del campo, celebrando conferencias, mítines y en general todos aquellos actos que permitan las circunstancias.

2. Impedir por medio de la acción directa todos los atropellos de que puedan ser víctimas sus asociados, así como el apoyarlos en todas cuantas reclamaciones sugieran.

3. Ejercer la solidaridad con todas las sociedades obreras que persigan los mismos fines, ya sean éstas locales, nacionales o extranjeras.

Art. 4. La cuota que satisfará cada asociado será de 0,10 pesetas semanales".

O local social establécese na rúa Real, 8, baixo. A comisión organizadora que tramitou a aprobación dos estatutos estaba formada por: Jacinto Piñeiro, Jesús López, Pedro Salgado, Andrés Leira e José Torrente.

Unión de Pescadores de Puente deume, 1919

A súa constitución ten lugar o 16 de febreiro de 1919, despois de que fose aprobado o seu regulamento. A xunta Directiva elixida é a seguinte:

Presidente: Raimundo Martínez, domiciliado en Empedrado, 41.

Secretario: Ángel Placer, S. Agustín, 29.

Vicesecretario: Joaquín López, Mancebo, 1.

Contador: Rogelio Vilela Ares, Tahona, 6.

Depositario: Jesús Leira, Pescadería, 37.

Vocais: Ramiro Vázquez, Antonio López, José Piñeiro, Eduardo Díaz e Antonio Piñeiro.

Funciona como unha sociedade de clase para defensa das condicións laborais e de vida dos seus afiliados, que mantén lazos de colaboración coa UGT. Polo seu Regulamento, sabemos que se define allea a todo matiz político-relixioso, así como os seus fins e funcionamento. A cota que deben aportar os seus socios é de 25 céntimos semanais. O local social está na rúa das Virtudes.

Gremio de Armadores de Tarrafas y demás artes de pesca de Puentedeume, 1920

No seu domicilio social da rúa San Agustín, 7, constitúese o 4 de outubro de 1920. É unha organización empresarial fronte ás reivindicacións dos pescadores mariñeiros. Elixen a Xunta Directiva:

Presidente: Miguel Montero Leira

Vicepresidente: Ramón Varela González

Tesoureiro: Miguel García Fernández

Secretario: Ramón Montero Leira

Vocais: Manuel Andrade Monzo e Francisco Tiz Gestal.

Polo seu Regulamento, coñecemos o funcionamento:

"Art. 2. Para realizar sus fines, empleará los medios siguientes:

1. Mantener o estrechar las buenas relaciones con las demás sociedades o gremios de esta industria y similares, y solidarizar la acción de todos en los asuntos de interés común.

2. Facilitar la armonía y concordia entre patronos y obreros interviniendo en sus diferencias y procurando resolverlas favorablemente y con criterio justo e imparcial, con objeto de impedir las extralimitaciones abusivas o violentas.

3. Intervenir, en general, en cuantos asuntos afecten a la conveniencia del gremio o de los individuos que lo integran, procurando defender y fomentar sus intereses mediante mutuo auxilio y empleo de los procedimientos legales.

Art. 5. La cuota de entrada se fija en 50 pesetas y la mensual en cinco para las tarrafas de vapor. Para las de remos 40 de entrada y cuatro mensuales, y para jávegas quince y dos.

Art. 9 (...) es indispensable que siempre que se produzca algún incidente entre patronos y obreros que pueda dar lugar a la huelga, debe ponerse en conocimiento del Presidente, para que el Gremio trate de resolver el conflicto sin tener que sujetarse en poco ni en mucho a negociaciones previas que dificultarían su solución posterior".

Esta asociación mantén relacións de colaboración con outra que se constituíra o ano anterior, é dicir, en 1919 na capital: *Gremio de Armadores de Pesca de La Coruña.*

Reglamento
de
La Hermandad Marítima
de
Puertedeume.
Bases Generales

Artículo 1.º- Con el nombre de la Hermandad Marítima de Puertedeume se constituye una sociedad cuyo objeto es el mejoramiento, moral, religioso, individual y social de sus individuos, por medio de la instrucción, el ahorro y el ejercicio de los derechos de ciudadanos según autorizan la Constitución y las leyes.

Art.º 2.º Solo podrán ser socios los marineros o navegantes de edad mayores de diez y seis años.

Art.º 3.º La Sociedad queda bajo la advocación de la Virgen Santísima del Carmen patrona de los barcos de pesca, á la que cada año el día de su festividad se le dedicará una función religiosa.

Iguualmente en un día próximo á dicha festividad se celebrará un acto fenebre por los socios

Reglamento del «Póito de Pescadores» de Puertedeume
Capítulo Primero
Generalidades

Artículo 1.º El Póito de Pescadores de Puertedeume, es una asociación cooperativa de pescadores, que persegue la completa redención de dicha clase, extendiendo la cultura entre sus asociados; estableciendo en su favor los distintos seguros sociales y explotando, sin el auxilio de intermediarios, la industria pesquera.

Artículo 2.º Esta asociación, será ajena a toda idea política religiosa o de lucro.

Artículo 3.º En cumplimiento de lo expuesto, tiene como objetivos próximos:

- A) Organizar convenientemente la venta de los productos de la pesca de sus asociados.
- B) Adquirir embarcaciones y artes, para la explotación por la asociación de la industria pesquera.
- C) Establecer entre ellos los distintos seguros sociales.
- D) Aumentar la cultura general y profesional; y
- E) Organizar convenientemente la exportación y manipulación de los productos de la pesca.

Pósito de Pescadores de Puentedeume, 1922

Os Pósitos de Pescadores van creándose por toda a costa española impulsados pola administración. Son organizacións interclasistas de armadores, patróns e mariñeiros para a organización e fomento das actividades pesqueiras. Defínense como asociacións cooperativas para organizar, sen o auxilio de intermediarios, a industria pesqueira. O primeiro que funciona en Galicia é o de Cambados, en 1917.

O Pósito de Pontedeume constitúese o 31 de decembro de 1922, no local denominado Palacio. O seu local social establecerase na rúa Santiago, nº 4 e , a partir do ano seguinte, na rúa Real, 30. A primeira Xunta Directiva queda formada así:

Presidente: Manuel Fernández Doldán

Vicepresidente: Victoriano Vázquez Rodríguez

Secretario: Enrique Piñeiro Otero

Vicesecretario: Ángel Prieto

Contador: José Placer Pérez

Vicecontador: Juan Antonio Martínez Vázquez

Depositario: José Piñeiro Otero

Vicedepositario: Andrés Pena Calvete

Vocais: Manuel Vázquez Rodríguez, Ramón Montero Leira, Manuel Leira Varela, Vicente Freire Leira, Ángel Villar Allegue, Constantino Vázquez Rodríguez, José Fonte Martínez, Jesús Vázquez Otero e Francisco Rodríguez Corbeira.

Para o sostemento económico da sociedade, cada socio, nun principio, debe achegar unha parte, ou quiñón, por cada embarcación. A partir de novembro de 1923, substitúeno por unha cota de 50 céntimos mensuais.

O Pósito de Pescadores conta coa axuda da Caixa Central de Crédito Marítimo, creada por Real decreto de 19-10-1919, que subvenciona moitas das súas actividades. Unha das primeiras é a posta en funcionamento dunha escola, segunda consta na acta da Xunta xeral extraordinaria de 25-6-1923:

"(...) las enseñanzas de la infancia empezarán el 25-6-1923. Se acordó que no podrán ingresar en dicha escuela nada más que los hijos de los pescadores. Se acordó dar ingreso a los hijos de viudas de pescadores, siendo ésta que no tenga algún hijo que sea mayor de edad y éste que anda a la mar no es socio no tendrá derecho en dicha escuela. (...). Se nombra Profesor de la sección cultural infantil a D. Frutos Fernández Martínez".

En meses sucesivos, algúns socios doan material para esa escola, polo que se lles agradece por escrito. Por exemplo: *"a Manuel Iglesias por el obsequio de un aparato para el aprendizaje del telégrafo Morse de señales, (...) y a Constantino Amado por el regalo de cuatro tableros de ajedrez".*

Tamén funcionan clases nocturnas de adultos, de máis de 14 anos.

O Pósito de Pontedeume mantén contactos con outros pósitos. En 1923 delega en Rodrigo Sanz López, para que asista en Madrid á Asemblea de Pósitos de España e remita as conclusións.

En 1924 envía ao seu presidente para acompañar a Alfredo Saralegui (Xefe da Sección Social da Caixa de Crédito Marítimo e impulsor destas asociacións) na visita ao Pósito de Moaña, para axudarlle a solucionar os problemas alí presentados.

Nos primeiros anos de funcionamento, a marcha económica da asociación é positiva. Conta cunha cantina, mércase unha mesa de billar e diverso material escolar. Mesmo fan donativos a outros pósitos cando se producen accidentes e naufraxios. Pero a Xunta Xeral do 14-2-1925 acorda poñer en marcha dúas novas iniciativas que, lonxe de acadar os beneficios esperados, van provocar a súa creba. Estas iniciativas son adquirir unha tarrafa e establecer unha Cooperativa de Consumo.

Efectivamente, entre os obxectivos do Pósito, o seu regulamento especificaba: "Adquirir embarcaciones y artes para la explotación por la asociación de la industria pesquera". Mercan unha tarrafa e elixen como a seu mestre a Evaristo García. Pensan que cos beneficios poderán axudar a amortizar un préstamo que lles permita construír un edificio social. En 1926, acordan inscribir aos tripulantes desa tarrafa nas listas do retiro obreiro obrigatorio, así como pagar as cotas que deben para os retiros do conserxe e o profesor, que xa estaban inscritos. Os gastos, por tanto, incrementáanse e a contabilidade reséntese.

En 1925 créase a *Sección Cooperativa de Consumo del Pósito de Pescadores de Puentedeume*. Vai funcionar como cooperativa de consumo e pretenden "extender paulatinamente sus operaciones a la venta de efectos pesqueros". Inician a súa andadura cunha subvención de 500 pesetas da Caixa Central de Crédito Marítimo, que lles concederá ate un total de 2.000 pesetas.

O día 10-5-1925 len o Regulamento desta Sección e elixen como director-xerente a Elías García; como secretario-contador, a José Cabezal; e como vocais inspectores, a Encarnación Regueiro e a Ángel Cortizo. A praza de encargado é para o socio Cipriano Leira.

Axiña non se producen máis que perdas. En 1926, os vocais da Xunta Inspectoradora do Pósito, Jerónimo Barro Lage e Miguel López Torre analizan a contabilidade e cualificana de "desastrosa, debido única e exclusivamente a la falta de ventas, cuyo reducido beneficio no compensa los imprescindibles gastos que dicha sección origina, (...) deciden la clausura de dicha sección de la Cooperativa y la liquidación de sus existencias".



Selo do Pósito de Pescadores.

Ante as dificultades económicas, o presidente do Pósito dimite e elixen a Constantino Fonte, que argumenta falta de tempo. En Xunta xeral de 21-11-1926, o elixido é Miguel López Torre, quen acepta co compromiso de intentar sanear a economía do Pósito. As débedas son tantas que, en xullo de 1929, por embargo de mobles e aparellos, deciden disolver a sociedade.

En xaneiro de 1930 crean o Pósito Infantil de Puentedeume, adscrito á Escola Nacional do Pósito de Pescadores desta localidade. Pretenden formar a rapaces que no futuro poidan organizar un Pósito renovado e cun bo funcionamento económico "que puedan dirixirlo en el día de mañana mediante el conocimiento práctico y teórico de su mecanismo y estructura", tal como sucederá durante a Segunda República. Así, atopamos o Pósito de Pontedeume integrado na Federación Rexional de Pósitos Marítimos e de Pescadores de Galicia Norte, que nace o 29 de decembro de 1935.

A guerra civil e a posterior dictadura franquista truncan o asociacionismo. Todas as sociedades, sindicatos e partidos políticos non controlados polo novo réxime son prohibidos. A principios dos anos 40, os antigos pósitos de todo o litoral español transfórmanse en Confrarías de Pescadores, dependentes do Sindicato Vertical.

A **Confraría de Pescadores de Pontedeume**, en 1947, recibe aprobadas as súas ordenanzas. Está dirixida por un Cabido, e o presidente pasa a denominarse Patrón Maior.

En 1948, Bernardo Zabala Ayerbe é o Patrón Maior, que considera como necesidades máis urxentes para os pescadores da vila o dragado do porto e a falta de subministración de combustible e equipamentos: "las embarcaciones tienen que ir a vender a otras lonjas, sobre todo en bajamar. Y no pueden venir otras, de otros puertos, a vender aquí". En 1950, engádesa a preocupación pola escaseza de ostras, que orixina a prohibición da súa extracción durante tres anos e a súa posterior recuperación.

Adaptada ás novas necesidades e á nova lexislación, a confraría segue funcionando até a actualidade.

